

## ACTA NÚM. 11/13

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO CELEBRADA O DÍA 8 DE NOVEMBRO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día oito de novembro de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.<sup>a</sup> María Xesús Castro Calviño

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. M<sup>a</sup> Margarita Canay Pintos.

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER DE URXENCIA DA SESIÓN
- 2.- ADQUISICIÓN DE TERREO.
- 3.- FINANCIACIÓN CAIXA ANTICIPOS ADQUISICIÓN DE TERREOS

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER DE URXENCIA DA SESIÓN**

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia dos asuntos do pleno en base a necesidade de cumprir o prazos estritos para tramitar a compra de terreos cedidos polo adxudicatario que concurriu a unha subasta da Seguridade Social.

Sometida a votación a urxencia dos asuntos incluídos na orde do día aprobábase por unanimidade.

## **2.- ADQUISICIÓN DE TERREO.**

- Polo Sr. Alcalde dáse conta de que pola Seguridade Social se procedeu a subasta de terreos do Pontevedra Clube de Fútbol previstos para a cidade deportiva en Barro, resultando adxudicatario dos mesmos un colaborador que está previsto faga a cesión do seu dereito legalmente posible en favor do concello polo mesmo importe de 81.042,50 euros; que se trata dun terreo que pode destinarse á construción de servizos ou dotacións municipais.

O Sr. Fernández Abraldes, pregunta polas finalidades previstas para dito terreo tendo en conta que na difícil situación actual temos necesidades básicas sen resolver e débedas pendentes.

O Sr. Alcalde, resposta que leva con este tema a voltas dende o mes de maio e que os terreos conseguidos a un bo principio poden servir para un futuro colexio, neste senso lembra as críticas recibidas pola compra do terreo do tanatorio e o do instituto, e remata aclarando que o terreo que se trata de comprar sae a unhs 2,00 €/m<sup>2</sup>.

O Sr. Fernández Abraldes sinala que na situación actual non puxaría ninguén por un terreo como ese si non houbera un obxectivo concreto, sobre todo tendo en conta a situación económica do concello que para o ano que ben ten que escomezar a pagar intereses do préstamo a dez anos e que ademais se deben os cartos das expropiacións a varios veciños, e remata a súa intervención sinalando que sin ter clara a finalidade e utilidade dos terreos non está xustificada a súa compra.

O Sr. Sanmartín Soto, recoñece que se interesou en mais dun pleno polos terreos para un novo colexio, recoñece que se trata dun bo prezo, o que sen dúbida constitúe unha boa oferta inmobiliaria, insiste en que non se sabe para que se pretende utilizar o terreo e tampouco se dá información transparente cando se recoñece a existencia dun intermediario, e remata anunciando o voto do seu grupo en contra.

- Consta no expediente informe con reparos de legalidade do Secretario Interventor, entre outros aspectos, por falla de consignación no orzamento vixente polo importe necesario para a compra do terreo.

O asunto foi dictaminado en Comisión informativa de asuntos do pleno de data 08/11/2013.

Sometido o asunto a votación, a corporación municipal ACORDA por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 votos en contra; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

**PRIMEIRO.-** Aprobado a adquisición polo importe de **oitenta e un mil corente e dous euros con cincuenta céntimos** (81.042,50) do seguinte terreo:

#### DATOS DE FINCA NON URBANA

Nom. Finca: CANCELA	Provincia: PONTEVEDRA
Localidade: BARRO	Término: PERDECANAI
Cultivo: TOXEIRA	Cabida: 0,000 Ha.
Lindeiro N.: CAMIÑO PÚBLICO	Lindeiro E.: CMNO SERVIDUME
Lindeiro S.: CAMIÑO PÚBLICO	Lindeiro O.: CAMIÑO PÚBLICO

#### DATOS DE REXISTRO:

Núm. Reg.:	Núm. Libro: 57	Núm. Folio: 10	Núm. Finca: 6462
Importe Tasación: 324.170,00			
Tipo de Subasta: 324.170,00			

#### DESCRIPCIÓN AMPLIADA

100% DE PLENO DOMINIO DA FINCA RÚSTICA NO PARAXE DE PERDECANAI, DE NOME CANCELA, NO MUNICIPIO DE BARRO, CON UHA SUPERFICIE DE 3 Ha, 51 a e 5 ca.

Lindeiros: Norte: CAMIÑO PÚBLICO; Sur: CAMIÑO PÚBLICO; Este: CAMIÑO DE SERVIDUME QUE SEPARA DE DOMINGO PEIXOTO, ERNESTO MAQUIEIRA E HEREDIROS DE CONSTANTE CAAMAÑO E JOSÉ PARRADO; e Oeste: CAMIÑO PÚBLICO.

Referencia catastral: 3600200000000200623XM.

Finca inscrita no REXISTRO DE CALDAS DE REIS al tomo 700, libro 57, folio 10, co núm. 6462.

**SEGUNDO.-**Aprobar o levantamento do reparo suspensivo ordenando a continuación do expediente, e ó Interventor e á Tesoureira o pagamento do importe formalizando o mesmo como pago pendente de aplicación que se imputará á partida de compra de terreos do orzamento do exercicio de 2014 unha vez entre este en vigor e tendo en conta a vinculación xurídica prevista na base 4ª do orzamento.

**TERCEIRO.-** Facultar ó Sr. Alcalde para sinatura de documentos e para a realización dos tramites necesarios para a execución do presente acordo.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas quince minutos . Dou fe.